

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS – EXPONAV, PARA A CONSERVACIÓN E TRATAMIENTO CURATIVO E PREVENTIVO DE DIFERENTES PEZAS DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS “EXPONAV”.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, que actúa como conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Francisco José Conde López, que actúa como conselleiro da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado por Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e como Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), actuando ao amparo das facultades que lle concede o artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica en nome e representación do dito Instituto, en adiante IGAPE, con CIF Q6550010J.

Doutra parte, o Almirante do Arsenal de Ferrol, D. Antonio Duelo Menor actuando no seu nome e en representación da “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – “EXPONAV”, co CIF G15944564,

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e, polo tanto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18

do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016 do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO: A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do noso patrimonio cultural.

TERCEIRO: O IGAPE, é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, creado para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo, ten establecido entre os seus principais obxectivos apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa á mellora do sistema produtivo de Galicia.

CUARTO: A “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV” (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de fundacións do Ministerio de Defensa.

EXPONAV é o principal museo marítimo español dedicado á historia da construción naval no mundo e en particular en España. Considérase polos expertos o museo máis completo de Europa na súa temática. A exposición constitúe unha das ramas obxecto da fundación; outra rama de enorme interese, a forma o amplísimo legado documental en forma de monografías, planos e outros documentos ao servizo do investigador.

O Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2017 acordou o recoñecemento, autorización do Museo da Construción Naval de Ferrol a proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, solicitado por EXPONAV que é a entidade titular e responsable deste centro. O Museo da Construción Naval é o primeiro museo de iniciativa privada que se recoñece pola Xunta.

O Museo da Construción Naval foi creado co propósito de servir de lugar de encontro entre a sociedade, a industria e a comunidade científica para divulgar o desenvolvemento das técnicas de construción dos buques e os materiais empregados, presentando diversos aspectos relacionados con esta materia; dende a evolución das tecnoloxías e ferramentas ata o momento máis importante dun barco, a botadura e a navegabilidade, posibilitando a comprensión desta tecnoloxía e o coñecemento do noso pasado naval.

As actividades de EXPONAV resultan de beneficio para o desenvolvemento do sector, cun claro interese xeral para Galicia, xa que se trata dun proxecto singular co que se dinamizará a comarca e o sector a través do fomento e divulgación da actividade museística contribuíndo desta forma a un mellor coñecemento da industria da construción naval.

É por isto que as actuacións de EXPONAV enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

QUINTO: Para que o proxecto de conservación e tratamento curativo e preventivo de diferentes pezas do Museo da Construción Naval, obxecto deste convenio, acade a maior repercusión posible e necesario e imprescindible o apoio institucional e económico das Administracións Públicas de xeito que o seu desenvolvemento desemboque nun mellor coñecemento dos estaleiros galegos, da tecnoloxía, dos medios e dos barcos que se produciron e se producen en Galicia de xeito que repercuta de forma positiva un sector tan estratéxico como é o sector naval galego.

SEXTO: Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do IGAPE e EXPONAV, consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan levar a cabo o proxecto de conservación e tratamento curativo e preventivo de diferentes pezas do Museo da Construción Naval

E, en virtude de todo o exposto, as partes, encóntranse interesadas en formalizar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, e EXPONAV para a **conservación e tratamento curativo e preventivo de diferentes pezas do Museo da Construción Naval.**

As actuacións a realizar son as seguintes:

- Restauración do pecio da Fragata Santa María Magdalena.
- Restauración Caderna Maestra.

- Restauración doutras pezas
- Tratamento e mantemento preventivo das instalacións.

As actuacións están enmarcadas no ámbito da protección do patrimonio arqueolóxico subacuático, e en desenvolvemento do Plan Nacional de protección do Patrimonio Arqueolóxico Subacuático (PNPPAS), aprobado na reunión do Consello de Patrimonio Histórico de outubro de 2007, onde se establecían liñas básicas de actuación en relación á protección do patrimonio arqueolóxico subacuático.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que EXPONAV é a única entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma, xa que o Museo da Construción Naval posúe fondos museográficos e documentais do patrimonio marítimo e industrial de gran valor que constitúen unha colección única no seu ámbito que permite coñecer o desenvolvemento da construción naval militar e civil en España dende o século XVIII ata os nosos días, facendo fincapé no papel que desempeñou Ferrol neste eido. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe medidas para a conservación do patrimonio arqueolóxico, e **cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.**

SEGUNDA.- ACHEGA ECONÓMICA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, achegarán a cantidade máxima de vinte sete mil euros (27.000 €) IVE incluído, repartida en dúas anualidades segundo o seguinte desglose:

- **Anualidade 2018:** A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, contribuirá ao financiamento deste convenio cun importe máximo de trece mil cincocentos euros (13.500 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.781.6 do IGAPE.

En canto a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, unha vez asinado este convenio de colaboración, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria instrumentará a oportuna modificación de crédito para situar o importe de 13.500 €, correspondente a achega do IGAPE, na aplicación orzamentaria 10.21.433A.781.0, código de proxecto 2015 00382, para o cal a Consellería de Economía,

Emprego e Industria e o IGAPE emitirán os correspondentes documentos contables RCt que amporen distas operacións.

- **Anualidade 2019:** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao financiamento deste convenio cun importe máximo de trece mil cincocentos euros (13.500 €), IVE incluído, que se satisfarán con cargo a aplicación orzamentaria 10.21.433A.781.0.

A cantidade de 27.000 € (distribuída nas dúas anualidades), trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Pagamentos a conta: poderán realizarse pagamentos á conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada. O importe dos pagamentos á conta non poderá ser superior a 18.000 € e non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario (2018: 13.500 € e 2019: 4.500 €).

Neste suposto o beneficiario estará exonerado da constitución de garantía en virtude do establecido no artigo 65.4.i), xa que o importe acumulado dos pagos a conta non superan os 18.000 €.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Declaración do compromiso da obriga de presentar as contas no protectorado ..
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, o investimento obxecto deste convenio.
- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que

xurda no seu desenvolvemento.

- Con carácter previo ao inicio da intervención de conservación, EXPONAV terá que presentar o proxecto ou memoria de Restauración que deberá cumprir o disposto na Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- O beneficiario consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.
- Logo de asinar o convenio, o beneficiario terá que presentar un proxecto ou memoria de restauración onde se contemplen as actuacións propostas para que o autorice a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

CUARTA.- COMISIÓN PARITARIA

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por catro persoas; dúas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dúas de EXPONAV. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia.

Gastos subvencionables: Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de vixencia do convenio.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: Para a percepción da axuda será necesario presentar, na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral do Patrimonio Cultural), a seguinte documentación:

- Certificación expedida polo órgano competente do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación, con identificación do acredor, do importe, data de emisión da factura e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedinte, a data e o importe total (Anexo I).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).
- Informe ou memoria sobre as actividades realizadas.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o importe máximo de cada anualidade será a seguinte:

Para a anualidade 2018: 20 de decembro de 2018

Para a anualidade 2019: 30 de outubro de 2019

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Pagamento da subvención: Realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación: A falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

SEXTA.- FACULTADES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E DO IGAPE.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o IGAPE, non asumen máis obrigas que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- PERÍODO DE VIXENCIA

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **30 de outubro de 2019**.

OITAVA: NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

NOVENA: OUTRAS OBRIGAS DO BENEFICIARIO

- Non alterar o destino da achega.
- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas
- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA: SUBCONTRATACIÓN E REINTEGRO

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o

obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incorrer a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESCISIÓN DO ACORDO

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asinan este convenio

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Polo IGAPE

Román Rodríguez González

Francisco José Conde López

Pola Fundación para el Fomento del
Conocimiento de la Construcción Naval y de
las Actividades Marítimas – “EXPONAV”

D. Antonio Duelo Menor

ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dña _____ con

DNI _____, en nome e representación da entidade _____

_____ con

CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incursión/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asino esta declaración

_____, ___, de _____ de 20__.

ANEXO II

Don/Dña _____,

con DNI _____, en nome e representación da entidade _____

_____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade _____
_____, con
CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:

con enderezo

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con CIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)

(Sinatura)